



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### CARBALLO

*Bases XXVIII Certame fotográfico Xosé Manuel Eirís*

Na Xunta de Goberno Local do 9 de febreiro de 2026, aprobáronse as Bases da Convocatoria do XXVIII Certame Fotográfico Xosé Manuel Eirís que se publican para xeral coñecemento:

#### **BASES XXVIII CERTAME FOTOGRAFICO XOSÉ MANUEL EIRÍS**

1ª.-FINALIDADE: Con este Certame o Concello de Carballo quere contribuír á creación artística e a fomentar a divulgación da fotografía.

A denominación de Xosé Manuel Eirís para este Certame Fotográfico provén do recoñecemento que o Concello de Carballo e as entidades culturais do municipio queren render a unha persoa vinculada ao mundo cultural e artístico de Galicia, que foi animador cultural de Carballo.

En cada edición o Concello de Carballo convida a unha asociación do municipio a formar parte do xurado e a colaborar na súa organización.

2ª.-NÚMERO DE OBRAS E TEMA: Poderán optar ao Certame todas as persoas físicas maiores de idade que o soliciten e cumpran co establecido nas bases do Certame.

Cada autor/a poderá presentar un número máximo de tres obras. As fotografías realizaranse en branco e negro ou cor, natural ou manipulada, e o tema das obras é libre.

A participación presupón que as/os autoras/es son as/os titulares dos dereitos de propiedade intelectual sobre as obras presentadas por eles/as a este concurso e que non cederon os dereitos sobre elas a terceiros e ostentan en exclusividade os dereitos de autoría e imaxe, polo que queda eximida a organización do Certame de calquera conflito de publicación ou utilización das obras presentadas e dos que puidera derivarse. En consecuencia, o Concello de Carballo non se fará responsable das posibles denuncias por plaxio ou eventualidade similar que puideran xurdir, recaendo na persoa participante afectada as accións legais que procedan e asumindo, se é o caso, as indemnizacións que puideran corresponder polos prexuízos ocasionados a particulares ou á organización.

Os traballos fotográficos que se presenten ao Certame deberán ser orixinais e recentes. As fotografías non poderán ter sido presentadas con anterioridade a este concurso nin ter gañado ningún premio noutros concursos ou certames, nin ter sido empregadas con finalidade comercial, nin publicitaria, nin cedidas para uso público.

A súa difusión e /ou reprodución no marco do concurso non poderá lesionar a terceiros asumindo persoalmente o/a autor/a calquera responsabilidade que puidera derivarse.

Non poderán participar en ningunha das modalidades do Certame os/as concursantes que obtiveran o Primeiro Premio nas dúas últimas edicións deste, e non poderán concursar no Premio Especial Carballo aqueles/as que o gañasen nas dúas últimas edicións.

3ª.-FORMATO: As dimensións da mancha fotográfica estarán comprendidas entre 25 x 35 cm. como mínimo e 40 x 50 cm. como máximo (incluídos os marxes se estes formasen parte da mancha). Presentaranse montadas sobre cartón pluma ou soporte similar ríxido (cun grosor mínimo de 3 mm.).

Cada fotografía deberá vir acompañada do soporte informático en formato JPEG ou TIFF da obra presentada.

4ª.-PREMIOS: A dotación total dos premios é de 3.050 €. Establécense os seguintes premios:

- Primeiro premio: 1.500 € e diploma.

- Segundo premio: 750 € e diploma, patrocinado pola Fundación Luís Calvo Sanz.

- "Premio Especial Carballo" á mellor fotografía que faga referencia directa ao municipio de Carballo en calquera dos seus aspectos: 500 € e diploma, patrocinado por Interfilm Carballo (As obras presentadas ao Premio Especial Carballo tamén optarán ao resto de premios).

O xurado poderá conceder accésits por un importe total de 300 €.

Ás contías de cada premio aplicaráselles a retención fiscal correspondente.

Cada obra non poderá obter máis dun premio.

5ª.-FORMA DE PRESENTACIÓN: As obras presentadas ao Certame deberán gardar o anonimato do seu autor ou autora, e presentaranse sen sinatura e baixo un lema ou pseudónimo identificador.

Pola parte traseira do soporte da fotografía figurará o pseudónimo do/a autor/a, o título da obra, as indicacións do lugar onde foi tomada, a data na que se realizou e as técnicas empregadas e, se o/a autor/a o considera preciso, indicará a verticalidade ou horizontalidade da imaxe fotográfica.

É imprescindible que as obras que opten ao Premio Especial Carballo o indiquen na parte traseira do soporte.

Cada fotografía deberá ir acompañada dun sobre pechado que se pegará na súa parte traseira. Na parte externa do sobre figurará o nome da fotografía e o pseudónimo empregado. No seu interior introducirase a fotocopia do DNI do/a autor/a e a solicitude de participación (anexo I) na que conste:

-Pseudónimo empregado, título e lugar e data da toma da/s fotografía/s.

-Datos persoais do/a autor/a: nome completo, enderezo válido para os efectos de recibir notificacións, teléfono e correo electrónico.

-Declaración asinada aceptando expresamente as bases e condicións do Certame, e de que a obra non foi premiada nin se atopa pendente de resolución en ningún outro Certame e que o autor/a ten, directa ou indirectamente, a libre disposición de todos os dereitos de explotación nas súas diferentes modalidades sobre a obra. Farase constar que as obras non foron empregada con finalidade comercial, nin publicitaria, nin cedidas para uso público.

-Declaración que a difusión e/ou reprodución das obras presentadas no marco do concurso e destas bases non lesiona a terceiros, asumindo persoalmente calquera responsabilidade da que puidera derivarse.

-Declaración responsable conforme se está ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria e fronte á Seguridade Social autorizando ao Concello de Carballo a achegar de oficio as certificacións que acrediten que está ao corrente das súas obrigas tributarias.

6ª.-LUGAR E PROCEDIMENTO PARA A ENTREGA: Os traballos poderán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Carballo, no Rexistro auxiliar de Cultura ou por correo certificado en sobre pechado no que deberá presentarse toda a documentación citada na base anterior, facendo constar no remite o pseudónimo empregado e na parte dianteira do sobre:

XXVIII CERTAME FOTOGRÁFICO XOSÉ MANUEL EIRÍS

Concello de Carballo

Pazo da Cultura

Rúa do Pan s/n

15100 - Carballo (A Coruña)

7ª.-PRAZO DE PRESENTACIÓN: O prazo de presentación dos traballos comezará a partir do día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no BOP a través da BNDS e finalizará o 9 de abril de 2026.

8ª.-XURADO: A presidencia do xurado será asumida polo alcalde do Concello de Carballo ou persoa en quen delegue. A composición do xurado, que non se fará pública ata o día da resolución, contará coa presenza de persoas vinculadas ao eido da fotografía e da imaxe, dun representante das asociacións culturais de Carballo e un ou máis representantes do Concello de Carballo.

Ao xurado correspóndelle deliberar, estimar e valorar os traballos presentados. A súa decisión será inapelable e adoptárase por maioría simple de entre os seus membros. Poderá declarar deserto algún premio ou todos eles así como conceder libremente un ou máis accésits.

O xurado do certame terá a competencia de resolver calquera circunstancia non prevista nas presentes bases con absoluta autoridade.

9ª.-DEREITOS DE AUTORÍA: As obras gañadoras quedarán en propiedade do Concello de Carballo. As/os gañadoras/es dos premios cederán expresamente en exclusiva ao Concello de Carballo os dereitos de propiedade intelectual transmisibles da obra premiada, en especial os dereitos de explotación, incluíndo reprodución, comunicación pública e transformación, para todo o mundo e polo prazo máximo permitido pola normativa aplicable.

Neste sentido, as/os autoras/es renuncian, a favor do Concello de Carballo, a calquera tipo de remuneración polos seus dereitos de autoría. Xunto a/as fotografía/s o Concello de Carballo fará constar a autoría destas.

Non obstante, cando o/a autor/a pretenda facer uso da obra, poderá solicitalo ao Concello de Carballo.

Como patrocinadores deste Certame, a Fundación Luís Calvo Sanz e InterFilm Carballo, previa comunicación ao Concello de Carballo, poderán realizar comunicación pública das imaxes gañadoras en actividades sen fins comerciais nin económicos para a difusión da súa colaboración co Certame, ou para divulgar o premio, facendo constar a autoría das obras e que son fotografías gañadoras do XXVIII Certame Fotográfico Xosé Manuel Eirís organizado polo Concello de Carballo.

10ª.-EXPOSICIÓN E DEVOLUCIÓN DE OBRAS: O Concello de Carballo poderá expoñer os traballos presentados no prazo de tres meses desde a data de resolución do xurado. Transcorridos estes, o/a autor/a poderá solicitar a súa devolución e recoller as súas obras posteriormente. Os traballos que non sexan recollidos pasados tres meses dende o remate da exposición poderán pasar a formar parte dos fondos do Concello de Carballo e ser exhibidos en actividades organizadas por esta institución ou poderán ser destruídos. O Concello de Carballo velará pola boa conservación das obras e declina calquera responsabilidade por subtraccións, perdas ou deterioro que poidan sufrir.

11ª.-RESOLUCIÓN E ENTREGA DE PREMIOS: A decisión do xurado farase pública no prazo máximo de tres meses desde o remate do prazo de entrega das obras. As/os autoras/es premiadas/os comprométense a estar presentes no acto de entrega de premios que se comunicará cunha antelación de 7 días.

#### 12ª.-ACEPTACIÓN DAS BASES E LEI DE PROTECCIÓN DE DATOS

A participación no Certame supón a total e plena aceptación destas bases. A organización estará facultada para dirimir calquera eventualidade non prevista nelas e terá así mesmo, capacidade de interpretación a cantos efectos procedan.

Información sobre protección de datos persoais (RGPD 2016/679 e LOPDGDD 3/2018). O Responsable do Tratamento é o Concello de Carballo (P1501900C), con dirección en Praza do Concello S/N, 15100 - Carballo (A Coruña); que tratará os seus datos coa finalidade de xestionar a súa participación neste Certame. A lexitimación para o tratamento é o consentimento do interesado (artigo 6.1, a do RGPD) e o exercicio de poderes públicos conferidos ao Responsable (artigo 6.1, e do RGPD). Os datos persoais recompilados poderán ser cedidos a outras Administracións Públicas no exercicio das súas competencias, a medios de comunicación co fin de promover o certame. Non se realizarán transferencias internacionais dos datos persoais. Os datos conservaranse mentres sexa necesario para cumprir coa finalidade prevista durante os prazos de prescrición legal. As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos, así como exercitar outros dereitos, a través da súa sede electrónica, presencialmente nas dependencias do Concello ou escribindo ao correo electrónico de contacto [infocarballo@carballo.gal](mailto:infocarballo@carballo.gal). O contacto delegado de protección de datos e información adicional: [dpd@carballo.gal](mailto:dpd@carballo.gal).

**Anexo I**

Imprescindible anexar esta solicitude coas obras, asinada e en sobre pechado.

<b>SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO XXVIII CERTAME FOTOGRÁFICO XOSÉ MANUEL EIRÍS</b>
Nome e apelidos:
NIF:
Enderezo:
Código Postal:
Localidade:
Provincia:
Teléfonos:
Correo electrónico:
Solicito participar no XXVIII Certame Fotográfico Xosé Manuel Eirís baixo o pseudónimo:

e presento as obras da miña autoría (título, lugar e data da/s fotografía/s):

-  
-  
-

(sinalar o que proceda cunha X)

\_\_\_Declaro que acepto as bases e condicións do Certame Fotográfico Xosé Manuel Eirís, e garanto que as obras non foron premiadas nin se atopan pendentes de resolución de ningún outro Certame e que teño sobre a obra, directa ou indirectamente, a libre disposición de todos os dereitos de explotación nas súas diferentes modalidades, así como, que o traballo non se publicou, expuxo ou foi empregado con finalidade comercial, nin publicitaria, nin cedidas para uso público, e declaro que a súa difusión e/ou reprodución no marco do concurso e destas bases non lesionan a terceiros asumindo persoalmente calquera responsabilidade que puidera derivarse.

\_\_\_Declaro estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria e fronte á Seguridade Social e autorizo ao Concello de Carballo a achegar de oficio as certificacións que acrediten que estou ao corrente das obrigas tributarias (no caso de que non se autorice deberá achegar unha copia dos documentos solicitados)

Coa finalidade de favorecer a participación nas actividades organizadas polo Concello, gustaríanos que nos autorizase para incorporar os seus datos a unha base de datos de participantes có obxecto de recibir información sobre o Certame no futuro ou sobre outras actividades similares.

\_\_\_Si, dou o meu consentimento para que me sexa enviada información sobre o Certame ou sobre outras actividades similares os vindeiros anos.

\_\_\_Non dou o meu consentimento para que me sexa enviada información sobre o Certame ou sobre outras actividades similares os vindeiros anos.

Ademais os traballos presentados poderán formar parte dunha exposición polo que:

\_\_\_Autorizo á participación das obras presentadas nunha exposición así como á divulgación das mesmas nos medios de comunicación sociais que difunden dita mostra.

\_\_\_Non autorizo á participación das obras presentadas nunha exposición así como á divulgación das mesmas nos medios de comunicación sociais que difunden dita mostra.

En,                    a de                    de 2026

Asdo.:

DNI:

Información sobre protección de datos persoais (RGPD 216/679 e LOPDGDD 3/2018)

Responsable do tratamento: Concello de Carballo (NIF P1501900C)

Finalidades do tratamento: A xestión da súa solicitude, dúbida ou consulta e a tramitación administrativa que no seu caso puidera derivarse da mesma.

Lexitimación para o tratamento: O cumprimento dunha obrigaón legal aplicable ao Responsable (artigo 6.1, c do RGPD) e o exercicio de poderes públicos conferida ao Responsable (artigo 6.1, e do RGPD)

Destinatarios dos datos: As Administracións Públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a xestión da solicitude.

Prazo de conservación: Os datos proporcionados conservaranse durante o tempo preciso para cumprir coas obrigaóns legais do Responsable

Exercicio de dereitos: As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos, así como exercitar outros dereitos, a través da súa sede electrónica en política de privacidade.

Contacto delegado de protección de datos e información adicional: [dpd@carballo.gal](mailto:dpd@carballo.gal)

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CARBALLO

Carballo, 10 de febreiro de 2026

O alcalde

José Daniel Pérez López

2026/816